



A Coruña, 28 de febreiro de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA Nº23 TEMP 2022-2023

Equipos participantes: C.W. Santiago- R.C.N Vigo.

Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.

Data de celebración: 18/02/2023.

FEITOS

- O día 22 de febreiro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

"No minuto 5:40 do 4º período amoéstase con tarxeta amarela ao adestrador visitante, L.M.Vilavedra Fernández con Nº de licenza 1006107, por: Protestar as decisións arbitrais mentres aplaudía."

- O día 22 de febreiro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve (art. 7. I.1.a).
- Que o adestrador foi sancionado esta tempada (09/02/23) por infracción leve (sanción de igual gravidade) nesta categoría polo que debe aplicarselle a agravante de reincidencia do art 12.

RESOLVE

- Sancionar a D. L. M. Vilavedra Fernández con número de licenza 1006107 adestrador do R.C.N Vigo cat. División de Honra Masculina cun encontro de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN